

CONTRA A POBREZA

PRESIONA!

Máis de 400 ONGD federadas na CONGDE e as súas COORDINADORAS AUTONÓMICAS FEDERADAS, E outros actores representativos da sociedade civil española, en estreita coordinación coas organizacións e movementos sociais de máis de 100 países que realizamos conxuntamente a "Chamada global para actuar contra a pobreza" ao longo de 2005,

SUMANDO AS NOSAS VOCES MANIFESTAMOS:

QUE a persistencia da pobreza e a desigualdade no mundo de hoxe en día non se pode xustificar. Malia aos esforzos realizados durante décadas, a fenda entre os ricos e os pobres segue aumentando. Na actualidade máis de 3.000 millóns de persoas carecen dunha vida digna a causa da pobreza. A fame, o SIDA, o analfabetismo, a discriminación de mulleres e nenas, a depredación da natureza, o desigual acceso á tecnoloxía, os desprazamentos masivos por mor de conflitos, as migracións provocadas pola falta de equidade na distribución da riqueza a nivel internacional, etc. Son as diferentes caras dun mesmo problema: a situación de inxustiza que sofre a maior parte da poboación mundial.

QUE o desenvolvemento perdurable no planeta está seriamente ameazado porque unha quinta parte da poboación mundial consome irresponsablemente, coa consecuente sobreexplotación dos recursos naturais.

QUE as razóns da desigualdade e a pobreza se atopan na forma en que os seres humanos organizamos a nosa actividade política e económica. O comercio internacional e a especulación financeira que privilexia as economías máis poderosas, unha débeda externa esganadora e inxusta para moitos países empobrecidos, así como un sistema de axuda internacional escaso e descoordinado fan que a situación actual sexa insostible.

QUE para conseguir a eficacia das políticas de Desenvolvemento Internacional, o Desenvolvemento Humano Perdurable e os Bens Públicos Globais é imprescindible avanzar na consecución dunha gobernanza global democrática e participativa.

QUE o crecemento económico espectacular xerado nos últimos anos non contribuíu a garantir os dereitos humanos nin a mellorar as condicións de vida en todas as rexións do mundo, nin para todas as persoas sexa cal sexa a súa condición, xénero, raza ou cultura. Máis ben ao contrario, aumentou a desigualdade e a inxustiza ata cotas escandalosas. O camiño da paz pasa por loitar contra a pobreza e a falta de equidade.

QUE loitar contra a pobreza nas súas distintas dimensións significa actuar contra a exclusión das persoas, a favor das garantías dos seus dereitos económicos, sociais e culturais que se traducen en protección, traballo digno, renda, saúde e educación, poder, voz, medios de vida, en condicións de igualdade. É un compromiso irrenunciable e impostergable: toda a sociedade no seu conxunto é responsable da súa consecución.

POR TODO O DEVANDITO se fan eco do compromiso adquirido polos Gobernos e Estados asinantes da Declaración do Milenio das Nacións Unidas no ano 2000, respecto ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, como un primeiro paso para erradicar a fame e a pobreza.

SOLICITAMOS:

MÁIS AXUDA oficial ao desenvolvemento, priorizando os sectores sociais básicos, ata acadar o compromiso do 0,7%.

MELLOR AXUDA, desligada de intereses comerciais, orientada aos países máis pobres e coherente cos Obxectivos do Milenio.

MÁIS COHERENCIA nas diferentes políticas dos nosos gobernos para que todas elas contribúan á erradicación da pobreza.

CANCELAR A DÉBEDA IMPAGABLE: os países ricos, o Banco Mundial e o FMI deben cancelar o 100% da débeda dos países máis pobres.

DÉBEDA POR DESENVOLVEMENTO: investir os recursos liberados pola cancelación da débeda dos países empobrecidos para acadar os Obxectivos do Milenio.

CAMBIAR AS NORMAS DO COMERCIO internacional que privilexian aos países ricos e aos seus negocios e impiden aos gobernos dos países empobrecidos decidir como loitar contra a pobreza e protexer o medio.

ELIMINAR AS SUBVENCIÓNS que permiten exportar os produtos dos países ricos por debaixo do prezo de custo de produción, danando o sustento das comunidades rurais dos países empobrecidos.

PROTEXER OS SERVIZOS PÚBLICOS de liberalizacións e privatizacións co fin de asegurar os dereitos á alimentación, e de acceso a auga potable e a medicamentos esenciais.

FAVORECER O ACCESO Á TECNOLOXÍA por parte dos países menos desenvolvidos, de acordo coas súas necesidades, para que poidan gozar dos seus beneficios.

ACCION CONTRA EL HAMBRE ACCION VERAPAZ ACSUR - LAS SEGOVIAS ADRA AIETI ALBOAN FUNDACION PARA EL DESARROLLO AMIGOS DE LA TIERRA ARQUITECTOS SIN FRONTERAS-ESPAÑA ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ ASOC. MENSAJEROS DE LA PAZ ASOC. AMIGOS DEL CUARTO MUNDO ASOC. AMIGOS DEL PUEBLO SAHARAUI ASOC. IUVE ASOC. NUEVOS CAMINOS ASOC. PROPERU A.D.S. AYUDA, DESARROLLO Y SOLIDARIDAD AYUDA EN ACCION CARITAS ESPAÑOLA CEAR CIDEAL CESAL CIC COLECTIVOS DE ACCION SOLIDARIA (C.A.S.) COOPERACCION CODESPA COOPERACION INTERNACIONAL CRUZ ROJA ESPAÑOLA EDIFICANDO-COMUNIDAD DE NAZARETH EDUCACION SIN FRONTERAS ENTREPUEBLOS ECOE FARMACEUTICOS MUNDI FARMACÉUTICOS SIN FRONTERAS FEDERACION DE RELIGIOSOS SANITARIOS FEDERACION SERSO FERE COOPERACION INTERNACIONAL FUNDACION ADIS FUNDACION ANAR FUNDACION DEL VALLE FUNDESO ECONOMISTAS SIN FRONTERAS ENTRECULTURAS-FE Y ALEGRIA FUNDACION HUMANISMO Y DEMOCRACIA FUNDACION IBEROAMERICA-EUROPA (CIPIE) FIADELSO F.I.S.C. FUNDACION AMREF FUNDACION PAZ Y SOLIDARIDAD FUNDACION PRODEIN FUNDACION PROMOCION SOCIAL DE LA CULTURA FUNDACION RUBEN DARIO - CAMPO CIUDAD INGENIERIA SIN FRONTERAS FEDERACION ESPAÑOLA IPADE ISCOD INTERED INTERMUN OXFAM JOVENES DEL TERCER MUNDO JUAN CIUDAD ONGD JUSTICIA Y PAZ LIGA ESPAÑOLA DE LA EDUCACION Y LA CULTURA POPULAR LIGA ESPAÑOLA PRO-DERECHOS HUMANOS MADRESELVA MANOS UNIDAS MEDICOS DEL MUNDO MEDICOS SIN FRONTERAS MEDICUS MUNDI MISION AMERICA MON-3 MOVIMIENTO POR LA PAZ (MPOL) MUJERES EN ZONA DE CONFLICTO OCASHA-CRISTIANOS CON EL SUR OCSI OSPAAAL PAZ Y COOPERACION PAZ Y DESARROLLO PAZ Y TERCER MUNDO PERSONAS PROSALUS PROVIDE PROYECTO CULTURA Y SOLIDARIDAD PROYECTO LOCAL PROYECTO SOLIDARIO PUEBLOS HERMANOS SAVE THE CHILDREN SETEM SOLIDARIDAD INTERNACIONAL SED SOLIDARIOS PARA EL DESARROLLO SOTERMUN UNICEF-COMITE ESPAÑOL UNEFA UNIS VETERINARIOS SIN FRONTERAS

Coordinadoras Autonómicas de ONGD de

Andalucía, Aragón, Baleares, Cantabria, Castilla y León, Castilla La Mancha, Cataluña, Euskadi, Madrid, Murcia, La Rioja, Galicia, Navarra, Comunidad Valenciana.



Coordinadora
de ONG para
el Desarrollo
España



www.pobreza.cero.org